

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

BENEFICIARIOS

Familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 10.000 euros.

* Fondo solidario de libros de texto→ alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

* Axudas para adquirir libros de texto→ alumnado incluído na disposición adicional segunda (Necesidades específicas de apoio educativo NEAE) .

*Axudas para adquirir material escolar→ alumnado matriculado na ESO

PLAZO PARA PRESENTAR SOLICITUDES

Dende o 20 de maio ao 19 de xuño.

DOCUMENTACIÓN

As solicitudes do alumnado irán acompañadas da seguinte documentación:

-Copia do libro de familia onde figuren **todos os membros computables**.

-Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do menor.

***Excepcionalmente cando non exista sentença xudicial de separación ou divorcio Certificado ou volante de convivencia ou**

***Informe dos servizos sociais** ou órgano equivalente do concello onde resida a familia.

. Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou de calquera membro da familia cando non autoricen a consulta telemática ou ben sexa recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

·Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.

·No caso que non autorice a consulta telemática, copia da declaración do IRPF ou do certificado tributario de imputacións no exercicio 2018 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar

·Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

·Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Os documentos deben de ser válidos e eficaces no momento da súa presentación e reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro de 2018**, agás no caso de violencia de xénero.

A solicitude será **única para todos os fillos** admitidos no centro docente para o curso 2020/21 en el especificarase o nivel de estudos que espera realizar para o citado curso. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a

aplicación Fondo libros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro no que estivese matriculado no curso 2019/20.

FORMA DE PRESENTACIÓN

Preferiblemente por vía electrónica na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro debidamente asinada e coa documentación (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>).

INFORMACIÓN DE INTERESE

- **Renda da unidade familiar**→ será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. No IRPF do exercicio fiscal 2018 sumaranse os **recadros 435** (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro).
- **Membros computables da unidade familiar:**
 - Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor/es do alumnado.
 - Os fillos menores de idade con excepción dos emancipados.
 - Os fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente.
 - Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
 - A persoa, que por novo matrimonio ou por convivencia viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.
- **Non terá a consideración de membro computable:**
 - A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos caso de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
 - O agresor nos casos de violencia de xénero.